



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
D^a. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día vinte e nove de abril de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede das actas de sesións anteriores (27/03/2019 e 01/04/2019 extraordinario e extraordinario urxente).

Dáse conta das actas dos plenos celebrados o 27/03/2019 e 01/04/2019 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan Especial de Protección do Núcleo de Ponte Ulla (PE-1).

Téndose redactado por don Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto, o proxecto do Plan Especial de Protección do PE-1, núcleo de Ponte Ulla, que afecta ao ámbito de solo previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, na parroquia de Ponte Ulla, cualificado como solo urbano.

Visto o informe de Secretaría, de data 18 de novembro de 2010, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Vista a decisión do 22 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica do mencionado plan especial, e visto o contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais de data 18 de outubro de 2013.



Visto o contido dos informes sectoriais previos emitidos polo Ministerio de Fomento, en canto titular da N-525; Servizo Provincial de Estradas da Xunta de Galicia, en canto que titular da AC-241; e da Dirección Xeral de Montes.

Logo de que con data do 23 de outubro de 2013 se aprobase INICIALMENTE, polo Pleno da corporación, o mencionado plan especial.

Logo de requiridos os informes sectoriais de Patrimonio Cultural, Augas de Galicia e Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Logo de que se notificase o acordo de aprobación inicial aos titulares catastrais incluídos no ámbito do mencionado plan especial.

Logo de que no DOG número 229, de data 29 de novembro de 2013, saíse publicado o anuncio de exposición ao público; así coma nos xornais El Correo Gallego, do 13 de novembro de 2013, e La Voz de Galicia, do 14 de novembro de 2013, téndose achegado as alegacións que figuran na certificación emitida por Secretaría con data do 4 de febreiro de 2014.

Logo de recibidos os informes sectoriais de: Instituto Galego da Vivenda e Solo (RXE deste concello 705/2014), Augas de Galicia (RXE deste concello 1188/2014) e Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (RXE deste concello 1583/2017).

Logo de emitidos os informes técnico e xurídico por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/11/2017 aprobouse PROVISIONALMENTE o mencionado plan especial e con data do 03/01/2017 foi remitido ao órgano autonómico competente para emisión de informe previo á aprobación definitiva.

Con data do 17/01/2018 recíbese do órgano autonómico requirimento de documentación (expediente PTU AC 17 149), entre ela os informes da Dirección Xeral de Aviación Civil e do ministerio competente en telecomunicacións, así coma acreditación da condición imposta por Augas de Galicia no seu informe de data 12/09/2014 e que se remite, unha vez cumprimentada, con data do 18/01/2019.

Con data do 25/03/2019 recíbese INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN PE-1 DO NÚCLEO DE PONTE ULLA. Redáctase o documento definitivo con data do 29/03/2019 e emítense os informes técnico e xurídico.

De conformidade cos artigos 75 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia e demais de aplicación

O Pleno acorda:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR, polos motivos expresados no informe técnico de data 23 de novembro de 2017, e do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente acordo, as seguintes alegacións:

Número 1, achegada por Ramiro T. Casal Ríos. RXE número 195/2013.

Número 2, achegada por M^a Concepción Casal Ríos. RXE número 196/2013.

Número 4, achegada por Elena Méndez Neira. RXE número 52/2014.

Número 5, achegada por Manuel González Pazos. RXE número 53/2014.



Número 8, achegada por M^a Carmen Veloso Neira. RXE número 91/2014.

SEGUNDO.- ESTIMAR PARCIALMENTE, polos motivos expresados no informe técnico de data 23 de novembro de 2017, e do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente acordo, e, en consecuencia, introducir no proxecto as modificacións indicadas no mencionado informe, e as seguintes alegacións:

Número 3, achegada por M^a Carmen Corral Cano. RXE número 287/2013.

Número 6, achegada por Ramiro T. Casal Ríos. RXE número 67/2014.

Número 7, achegada por Pilar Ríos Canabal. RXE número 68/2014.

ESTIMAR NA SÚA TOTALIDADE, e, en consecuencia, introducir no proxecto as modificacións indicadas no mencionado informe, a seguinte alegación:

Número 9, achegada por Waldo Rodríguez Campos. RXE número 100/2014.

TERCEIRO.- Aprobar **DEFINITIVAMENTE** o proxecto do **Plan Especial de Protección do PE-1. Núcleo de Ponte Ulla**, de data 29/03/2019, redactado por Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto, que afecta ao ámbito delimitado polo vixente PXOM na parroquia de Ponte Ulla e cualificado como solo urbano nos termos do expediente tramitado e da documentación técnica.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos titulares catastrais do ámbito obxecto do expediente de aprobación.

Publicar a aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia xunto co enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público, e unha vez publicado, comunicar a aprobación definitiva ao órgano autonómico competente para inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia, xunto con un exemplar en soporte dixital.

Unha vez inscrito deberá publicarse a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE comunica que o seu grupo votará a favor.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que ao grupo de goberno custoulle dúas lexislaturas aprobar o plan. Deséxalle ánimo para executalo. Anuncia o seu voto a favor.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que non tivo acceso ás alegacións e polo tanto no coñece o resultado das mesmas.

A Presidencia respóndelle ao Sr. Pose Rodríguez que na comisión informativa só lle preocupaba un asunto que quedou aclarado. Respecto das alegacións dille que levan no concello dende o ano 2013, polo que tivo tempo de velas e estudalas. Sinala que gran parte do retraso débese a Patrimonio.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade dos asistentes.



3º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual do PXOM denominado “Aliñacións, espazos públicos e delimitacións nos núcleos de Quintáns, Texo, Os Muíños e A Famelga”.

Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 22 de abril de 2016, se manifestou a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a **modificación puntual** do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), denominada “**ALIÑACIÓN, ESPAZOS PÚBLICOS E DELIMITACIÓN NOS NÚCLEOS DE QUINTÁNS, TEXO, OS MUÍÑOS E FAMELGA**”, nos termos da documentación técnica redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto. Expte. municipal núm.: 2019/X999/000018.

Considerando que a modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Logo de remitido o proxecto ao órgano ambiental competente que se pronunciou resolvendo a non necesidade de someter a modificación puntual obxecto do expediente a avaliación ambiental estratéxica, a través da resolución do 27 de xullo de 2016 pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico da mencionada modificación puntual (publicada no DOG número 165, de data 01/09/2016), e que consta no expediente.

Realizada a tramitación legalmente establecida, solicitados os informes sectoriais previos á aprobación inicial, visto o contido dos informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, e á vista do disposto, entre outras, nos artigos 60 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello denominada “**ALIÑACIÓN, ESPAZOS PÚBLICOS E DELIMITACIÓN NOS NÚCLEOS DE QUINTÁNS, TEXO, OS MUÍÑOS E FAMELGA**”, nos termos da documentación técnica, de data 19/04/2019, redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto. Expte. municipal núm.: 2019/X999/000018.

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en un dos xornais de maior difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de se-lo caso, as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación, polo prazo máximo de dous anos.

4º.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo que realizará as consultas previas no documento de alcance do estudo ambiental (de se-lo caso), dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos. Ao mesmo tempo o concello solicitará os informes sectoriais que lle correspondan.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE recorda que isto xa se presentara a principios da lexislatura e o grupo de goberno tráeo ao último pleno da lexislatura. Recórdalle ao



grupo de goberno que na pasada campaña electoral prometeran a modificación do PXOM, e seguro que os seus votantes esperaban algo máis ca modificación de catro aliñacións. Anuncia que o seu grupo vaise abster.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, reitera o manifestado antes, que non tivo ese documento para valoralo, polo que non pode votar. Di que se vai abster.

A Presidencia di que a semana pasada enviouse o documento por correo electrónico. Por outro lado non nega o retraso neste asunto. Explica que estes núcleos primeiro foron os únicos que se solicitou o informe previo da non necesidade de avaliación ambiental estratéxica. Nese proceso houbo discusións importantes coa Xunta de Galicia que fixeron dubidar en certas cuestións. A única forma de saír de dúbidas era aprobalo inicialmente nos que tiñan o informe previo da non necesidade de avaliación ambiental estratéxica.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, recórdalle que aquela proposta tiña algunha parte manifestamente ilegal.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

4º.- Acordo, se procede, sobre delegación na Alcaldía da aceptación da cesión gratuíta dos terreos correspondentes ao Sistema Xeral Asistencial público para centro de día en Xián –Trobe (XS-AS-3 do actual PXOM de Vedra).

De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Delegar na Alcaldía a aceptación da cesión gratuíta dos seguintes terreos correspondentes ao Sistema Xeral Asistencial Público para centro de día, a realizar por Centros Asistenciais CXP Saúde, S.L, facultando ao Sr. Alcalde a realizar todos os actos necesarios, incluíndo a agrupación con outras parcelas:

*Finca rústica denominada Robleda, sita no lugar de Xián, parroquia de San Andrés de Trobe, municipio de Vedra, que mide tres mil novecentos sesenta e tres metros cadrados, que linda: Norte, Amparo Candal Otero (Parcela 5011), hoxe Concello de Vedra e María L. Gestoso Maceira (Parcela 971); Sur, finca seguinte (Parcela 5026); Leste, muro e gabia desta, e Raúl Vázquez Cao (Parcela 13) e Antonio Carbia Núñez (Parcela 11), e Oeste, estrada de Trobe a Vedra e, en parte, Amparo Candal Otero (Parcela 5011).

Inscrita no Rexistro de Propiedade número 1 de Santiago, ao Tomo 1810, Libro 172, Folio 99, Finca 17.231”

*Parcela rústica (nº 5026-A) sita en Xián, parroquia de San Andrés de Trobe, de mil novecentos oitenta e dous metros cadrados, que linda: Norte, finca anterior (5025); Sur, finca segregada (5026-B); Leste, muro e gabia desta, e Antonio Carbia Núñez (parcela 11), Cristina –Isaura Suárez Roldán (parcela 10) e José Suárez Vieites (parcela 9); e oeste, estrada de Trobe a Vedra.



A Presidencia di que é unha esixencia do notario, e consecuentemente retrasouse a sinatura para o martes sete de maio.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará a favor porque é unha boa noticia. Xa se perdeu a opción de construír o centro de día e case os terreos. Agradécelle ao Sr. Castro Rocamonde o traballo feito neste tema sobre a matriculación desas parcelas por un particular. Espera que se produza esa sinatura sen necesidade de chegar a ningún xuízo e pídelle que lle comunique aos grupos políticos cando estea todo resolto.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que dado que isto non é un expediente administrativo, senón que é unha cuestión que ten a súa orixe hai doce anos. Xa que vén a pleno, e estes son públicos e os veciños teñen dereito a coñecer os debates e asuntos que nel se tratan, parécelle razoable que, como mínimo, o Sr. Alcalde explique como se chega a esta situación.

Solicita que explique polo miúdo que sucedeu e como se chegou a esta situación, na que unha finca de propiedade pública municipal pasase a mans privadas.

A Presidencia di que polo miúdo é difícil, entre outras cousas porque nese momento non gobernaba o seu grupo.

Di que efectivamente, no ano 2006 antes do PXOM, asinouse un convenio urbanístico entre unha propietaria e o concello, para que nun futuro PXOM unha determinada zona quedase para dotacional-asistencial; cunha parte pública e unha privada.

O que existe é un documento privado, pero que non pode acceder ao rexistro da propiedade. Había unha partilla pendente de formalizar e por tanto non podía acceder ao rexistro. Cre que esa partilla se logra formalizar no ano 2016/2017.

Descoñece como primeiro as fincas relacionadas cun convenio urbanístico acaban rexistradas a nome dunha herdeira desta familia no rexistro da propiedade. O certo é que cando se dá a voz de alarma, inténtase, primeiro de boas maneiras, recuperar esas parcelas. A rexistradora, coa documentación administrativa que hai no concello, non accede a facer a rectificación; inténtase facer unha reclamación xudicial, pero nun momento dado esa parte da familia entra en razón e dáse conta de que esas parcelas, en virtude daquel convenio, pertencen ao concello.

Aí é cando se está intentando formalizar ese documento que espera que estea listo o martes. Se non fose así, informará aos grupos políticos.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se o que se somete a votación é a delegación na Alcaldía desta cuestión, e de ser así, anuncia o seu voto en contra.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e dous votos en contra do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

5º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía é unha iniciativa da Comisión Europea que agrupa a miles de autoridades locais e rexionais co compromiso voluntario de aplicar nos seus territorios os obxectivos climáticos e enerxéticos da UE.

En Galicia a Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático asumiu o papel de coordinadora do mesmo, conscientes de que esta iniciativa constitúe o mellor instrumento para implicar aos Concellos de Galicia na loita fronte ao cambio climático.

Propónse ao Pleno a adhesión ao citado Pacto, comprometéndose a:



1º.-Reducir as emisións de CO2 (e posiblemente , outras emisións de gases de efecto invernadoiro) no seu territorio nun 40% como mínimo de aquí a 2030, en particular a través da mellora da eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovables.

2º.- Aumentar a súa resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

Coa finalidade de traducir tales compromisos en feitos, o concello comprométese a seguir a seguinte formulación por etapas.

1.- Levar a cabo un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidade derivados do cambio climático.

2.- Presentar un Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable nun prazo de dous anos a partir da data da decisión do concello.

3.- Elaborar un informe de situación polo menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable con fins de avaliación, seguimento e control.

Acéptase que se suspenda a participación deste concello na iniciativa, logo da notificación por escrito da Oficina do Pactos dos Alcaldes, en caso de non presentar os documentos mencionados –o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable e os informes de situación –nos prazos establecidos.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo votará a favor.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía núm. 171/19, do 01 de abril, pola que se aproba o complemento retributivo ata o 100% das retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal, dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 171/19, do 01 de abril, que di o seguinte:

“Á vista do escrito presentado polas delegadas de persoal laboral de CCOO no Concello de Vedra, con data 27/03/2019, polo que solicitan que se adoiten as medidas correspondentes para que os/as traballadores/as deste Concello poidan acollerse á normativa vixente que foi publicada no DOG do 28 de decembro de 2018, sobre modificacións que afectan á recuperación das IT ao 100%. Unha vez revisada toda a lexislación vixente ao respecto e atendendo á nova redacción do artigo 146.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, que indica: “*As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta Lei aboarán o complemento retributivo dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o 100% das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal*”, baseándome nas competencias outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réxime Local e demais de aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o complemento retributivo ata o 100% das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal, dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade.

SEGUNDO.- Será de aplicación a partir da data de aprobación da presente Resolución.



TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo votará a favor. Isto supón que os concellos e as administracións locais recuperan as competencias que tiñan nesta materia e supón unha mellora das súas condicións laborais.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas formuladas en plenos anteriores, a Presidencia contesta:

1º.- Á pregunta do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE sobre canto custou dende o seu inicio todo o proxecto de “Próxima estación, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que tivo un custe de 3.301,83 €.

--Á pregunta de dona Beatriz Amenal, sobre II Plan de Igualdade do concello de Vedra, dotado con 141.000 € para desenvolver distintas accións entre o 2018-2022, a Presidencia contesta que as partidas son transversais, non é que exista unha partida específica.

Dentro do orzamento é todo transversal, pero a nivel técnico hai que comezar a especificar nunha partida xenérica as diferentes partidas que se destinan a iso.

Nestes últimos meses viñéronse desenvolvendo as seguintes accións:

Constitución da comisión técnica, constitución da comisión asesora, constitución na mesa local de coordinación xunto cos concellos de Boqueixón e Touro, metodoloxía e coordinación para o seguimento nos distintos departamentos (registro de seguimento), conmemoración do 25 N e 8 marzo (en colaboración coa asociación Berenguela, autobús Lugo 3 de marzo, primeiro encontro de asociación de mulleres, proxección corta coa violencia, bingo de mitos cos maiores, información mensual no boletín específica de iniciativas para e por mulleres..)

Programa de sensibilización e formación básica en xénero dirixidos as persoas responsables técnicos e representantes da estrutura de participación social (cursos online, escola virtual de igualdade do Ministerio e Egap, programas de capacitación específica en transversalidade de xénero dirixidos ao persoal técnico e equipo de goberno (Egap online e presencial) ofertáronse por correo electrónico, guía de boas prácticas en comunicación institucional sensible ao xénero para a revisión de estereotipos nos discursos institucionais, protocolo, uso da linguaxe non excluín... (colgada na páxina web), estudos de xénero escala violencia de xénero percepción na adolescencia en colaboración co CPI de Vedra.

Por outro lado tamén se desenvolveron: conectadas polo emprego, programa conxuga de conciliación (ludoteca e madrugadores) para fomento do emprego feminino, promoción da corresponsabilidade, prevención e erradicación da violencia de xénero, actualización e capacitacións en Tics, (taller de Smartphones para Smartfemmes), xincana para igualdade nos centros educativos prevención de violencia de xénero, exposición “Á violencia de xénero dílle non!

Para executar nos próximos meses: conmemoración do 25N e 8 M, continuación co programa de sensibilización e formación básica en xénero dirixido ás persoas responsables técnicas e representantes da estrutura de participación social, formación para os profesionais relacionados directamente coa atención de mulleres en situación de



vulnerabilidade, estudos de xénero mulleres maiores, convenios e subvencións para a promoción da igualdade (asociación habilitas), Pacto de Estado Violencia de Xénero, Secretaría Xeral de Igualdade, programa Mulleres + Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero no concello de Vedra.

O programa Muller+, moi ambicioso, está dirixido ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás mulleres que polas súas circunstancias persoais ou polo seu contorno familiar ou social requiran ou aconsellen accións preventivas, tales como mulleres en situación de vulnerabilidade polas súas circunstancias sociais e psicosociais ou mulleres con discapacidade.

O programa articúlase en torno aos seguintes obxectivos xenéricos:

- Potenciación das propias capacidades,
- Empoderamento e participación comunitaria.
- Mellora da calidade de vida.
- Igualdade e exercicio de dereitos.

Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia de xénero, co obxectivo de aumentar a participación das mulleres, erradicar a violencia de xénero que afecta gravemente ás mulleres do medio rural , para así mellorar a resposta fronte a violencia de xénero e conseguir un cambio no modelo de relación social en todas as parroquias (Enredadas nos feminismos).

Punto violeta de lectura na bibliotecas do concello, actualización e capacitacións en Tics, acción de coeducación para o fomento das vocacións en igualdade,

--Quedaban pendentes as preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA e do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito sobre a modificación xeral do PXOM.

Sobre a pregunta formulada sobre o PXOM, a Presidencia di que aínda que durante esta lexislatura se levaron adiante varias modificacións puntuais do PXOM, absolutamente necesarias, como a modificación do polígono industrial para que este se poida desenvolver por fases e sexa pronto unha realidade, ou para desbloquear situacións en relación a espazos públicos (como cemiterios, campos de festas, espazos deportivos ou colexios), o certo e que ten pendente o prometido de modificar o PXOM para poder ampliar os núcleos rurais.

Dende logo non é por esquecemento, senón porque a lei neste aspecto dos núcleos rurais, tal e como está redactada dende o ano 2010, pouco antes de acceder a Alcaldía, a redacción, que non mudou na nova Lei do solo de Galicia do ano 2016, que era no que confiaba) non permite formal e obxectivamente ampliar practicamente ningún núcleo do PXOM de Vedra.

A Lei dende o 2010, redacción que mantivo na nova Lei do solo de 2016, define no seu artigo 23 ao núcleo rural, e no seu apartado terceiro á hora de delimitalos fala de dous tipos básicos, o núcleo rural tradicional (o que viría sendo o N1 do concello de Vedra) onde se esixe unha consolidación pola edificación de, alomenos, o 50 %; e o núcleo rural común (o N2), onde deberá ter un grado de consolidación pola edificación igual ou superior a un terzo da súa superficie, isto é, se non é superior ao terzo da súa superficie non se pode ampliar.

Polo tanto, con "teóricas" parcelas de 300 m² (N1) e 600 m² (N2), está claro que polo menos teórica e formalmente aínda hai moitos "teóricos solares" (que é o que se ten que



ter en conta) por edificar nos núcleos, e por tanto non chegan de forma obxectiva aos niveles de consolidación da edificación ou densidade que pide a lei para poder ampliar os mesmos. E iso xa sen meterse nas discusións cos técnicos da Xunta, onde dixeron nalgún informe que “non podemos ampliar cara fincas baleiras”, o cal levou a agres discusións con eles, porque, como lles dicíamos, iso non vén sinalado expresamente na Lei. É criterio deles, pero en calquera caso, son técnicos polos cales teñen que pasar todas as modificacións.

Cal foi o erro ou pecado cando dixo no seu programa electoral de 2011 e 2015 que o faría? Confiar que na nova Lei do solo de Galicia do 2016 cambiarían ditos artigos. Formular agora mesmo, coa actual redacción da lei, unha modificación xeral do PXOM de Vedra, non só non se conseguiría ampliar os núcleos rurais, senón que incluso a maior parte deles veríanse diminuídos ou reducidos.

El é o que máis sinte ter prometido unha cousa (ampliar os núcleos rurais) que lamentablemente aínda non se pode facer coa situación normativa que vén dende o 2010 e se mantén na actualidade.

Dille ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que para que os núcleos rurais se poidan ou non ampliar non ten nada que ver que existan os actuais solos urbanizables. Os técnicos recomendan por agora non tocalos porque non farían que aumentasen as posibilidades de ampliar os núcleos rurais, e o único que provocaría é que se converterían ditos terreos en zoas rústicas.

Con todo, segue adiante cunha modificación piloto de catro núcleos de Vedra (a que hoxe se aprobou en pleno), pequenos, e van solicitar tamén un informe previo doutros, que foi o que lles recomendaron na Xunta para que a través deles e sen prexudicar ao resto (por ser só modificacións puntuais), viran como os técnicos da Xunta van valorando todos estes aspectos técnicos, que servirán despois á hora de analizar e ver as posibilidades de éxito noutros núcleos.

Certo tamén que poden levar adiante outras reformas do PXOM, como a redución das aliñacións ou delimitar correctamente os N3, etcétera, e que aínda non iniciaron, pero cre que agora deben aprender dos erros do pasado, ser máis prudentes, e propoñerse retos factibles, útiles e realistas e así, por exemplo, crear unha mesa de traballo composta por un comité de expertos, técnicos, representantes de todos os grupos políticos municipais, e representantes sociais das distintas parroquias, para o estudo e debate de que reformas ou melloras se poden facer e cales non se poden facer no PXOM tendo en conta a actual lexislación urbanística.

E abrir debates sobre, por exemplo, as parcelas mínimas, de tal xeito que se se soben de 300 m² a 500 m² en N1 e de 600 m² a 1000 m² en N2, se interesa ou non, vantaxes, inconvenientes, se terán así máis posibilidades de poder ampliar algúns núcleos, ou debater sobre por que existindo agora mesmo moitas parcelas que son edificables, nin se edifica nelas, nin se venden, etcétera, Que ou como se pode facer que isto se mova? E unha vez chegados a conclusións, levar adiante as mesmas se son factibles.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA di que na anterior lexislatura recorda falar co Alcalde deste tema en múltiples ocasións. Di que lle pasou a versión beta da nova Lei do solo de Galicia, na que se recollía practicamente sen modificación algunha respecto a como rematou. Aínda así, o grupo de goberno non tivo ningunha intención de incluíla no seu programa electoral, a pesares de estar advertidos.



A Presidencia contesta que xa lle dixo que confiaban en que terminara cambiando esa cuestión na Lei do 2016.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, replica que o grupo de goberno fixo unha promesa en campaña electoral sabendo que era imposible cumprir. Di que tivo a versión que a consellería correspondente lles enviou ao colexio de arquitectos e apareladores para a súa revisión. Di que a tivo en tempo para facer un programa electoral como Deus manda e fixeron un programa sabendo que non podían cumprir o que dicían.

--Ás preguntas formuladas no último pleno, a Presidencia contesta:

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, contesta:

1º.- Sobre o teléfono de comunicación de avarías da iluminación pública, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que existe un teléfono móbil que funciona de 7:00 a 23:00 horas de luns a domingo. Dende as 23:00 ata as 7:00 horas hai que chamar a un 902, tal e como figura no contrato.

2º.- Sobre se este ano vai haber obradoiro de emprego, contesta que se vai solicitar conxuntamente con Boqueixón cando saia a convocatoria.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do arranxo dunha varanda nunha ponte no río Pereiro en Fufín, di que xa está solucionado.

2º.- Sobre a repetición de números das casas en certas aldeas, di que revisarán ese tema.

3º.- Respecto a se Vedra vai aplicar ese desconto e se ten algunha outra medida a tomar con Sogama, a Presidencia contesta que Vedra é un deses 229 concellos que vai aplicar ese desconto. Estase estudando xuridicamente como facelo, xa que hai de prazo ata febreiro de 2020.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contesta:

1º.- .- Respecto aos terreos para a ampliación da estrada da Deputación en Sarandón, se a Presidencia ten coñecemento de que se pagaron, nalgúns casos, con cartos públicos, terreos situados na parte exterior de peches xa executados con posterioridade ao PXOM, e que polo tanto deberían estar feitos conforme á aliñación e con ese terreo xa cedido, a Presidencia contesta que salvo erro ou omisión pola súa parte, non lle consta.

2º.- Sobre a tala da carballeira en Xián responde que si se abriu un expediente de reposición da legalidade, independentemente de que se enviara a Medio ambiente. A día de hoxe o tema non está pechado.

3º.- Respecto do proxecto de renovación da iluminación pública, di que é un comentario que non comparte.

4º.- Sobre se na vindeira campaña electoral, igual que nas anteriores, vai prometer un tanatorio municipal aos veciños, responde que xa se verá.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia responde:

1º.- Respecto á pregunta sobre a Lei 8/1989 do 13 de abril de taxas e prezos públicos, a Presidencia contesta que en relación á primeira cuestión que formula, como sabe, VIAQUA ten a concesión do servizo de saneamento, e que el saiba nunca cobrou un prezo diferente ao establecido na ordenanza. Cando alguén quere conectarse, VIAQUA pásalle o orzamento en base a dita ordenanza, o veciño ou veciña págalle dito orzamento a VIAQUA, e VIAQUA fai a acometida.



Outra cousa é que cando se fai un tramo importante da rede xeral de saneamento, a verdade é que entendía que aquela xente que se quería conectar, se o facía xa en obra, era mellor para todos, menos problemas, máis rápido e incluso se podía tentar abaratar un pouco os custes da acometida (aproveitando persoal, material, maquinaria, etcétera). Cre que é un razoamento e pensamento lóxico e que non prexudica a ninguén. Falábase con VIAQUA, VIAQUA consentía, falábase coa empresa que estaba facendo a obra de saneamento e se ela as facía, pois autorizábase a que os particulares (o que quixera) puideran facer a acometida nese momento a través de dita empresa, nunha relación directa entre eles, e onde o procedemento era similar ao de VIAQUA; pasaban un orzamento (nunca superior á ordenanza, en todo caso, ás veces si podía ser un pouco inferior precisamente por esa posibilidade de abaratamento de custes ao facelo en obra), o veciño págalle ese orzamento a empresa, a empresa facía a acometida e punto. Igual que con VIAQUA.

Dende logo sempre actuaron de boa fe e buscando o mellor e o máis lóxico para as obras e a veciñanza.

Agora ben, a raíz das preguntas en pleno, solicitou hai uns días informe ao Secretario máis ao asesor xurídico do concello para saber se actuaron correctamente ou non, e se non é así, que se nos aclare cal é ou sería a forma correcta. Entende que nestes días, incluso nesta mesma semana, estarán os informes en Secretaría, e tan pronto estean xa lle informa para que poida velos.

En calquera caso, e mentres tanto, nas actuais obras de saneamento, pasará directamente a factura o concello e conforme ás táboas da ordenanza.

Despois, e cos informes na man, xa estudarán se se actuou conforme á normativa ou non, ou como hai que actuar, ou, se así o consideran todos, e en beneficio da veciñanza, se teñen que aclarar ou modificar as ordenanzas correspondentes.

En relación á segunda cuestión que formula, di que o proxecto non foi ampliado contra o proxecto orixinal. Ese último tramo da segunda fase, do que fala, en principio a Augas de Galicia non lle encaixaba no orzamento do proxecto, e por iso recortaron ese tramo. Unha vez adxudicada a obra, o grupo de goberno solicitou a Augas de Galicia que estudaran a posibilidade de que en liquidación (nese 10 % que permite a Lei) puideran ver se se podía facer. Finalmente Augas de Galicia dixo que si, que encaixaba, e ordenaron facelo.

2º.- Respecto á proposta do transporte metropolitano, contesta que discrepa do comentario. En calquera caso o Sr. Pose Rodríguez coñece a Conchi e pódelle preguntar. Fixo un traballo espectacular e o traballo máis longo, pesado e difícil e sempre a felicitaron por telo realizado. Por outro lado, a proposta foi presentada e asinada polos concellos de Vedra e Teo, e o Alcalde persoalmente tivo varias xuntanzas ao respecto con Conchi. O concello de Vedra, dentro dese traballo conxunto, tamén tivo o seu traballo importante como principal interlocutor coa Xunta de Galicia nas xuntanzas que Teo e Vedra tiveron coa Xunta. O concello de Vedra segue facendo xestións para ter unha nova xuntanza nos próximos dez días.

Por outro lado cre que ten que ser un motivo de orgullo que nun tema tan importante e estratéxico, dous concellos de distinto signo político saiban traballar coordinados. A



parte das zonas comúns con Teo, o concello de Vedra tamén fixo máis peticións ao respecto doutras zonas do concello.

3º.-

Por último a Presidencia di que sendo este o último pleno da lexislatura e vendo as listas dos distintos grupos políticos, hai seis persoas que por diferentes motivos non serán concelleiros na próxima lexislatura. Por este motivo quere agradecer publicamente ao Sr. Castro Rocamonde, a dona María Pilar Pereiro e ao Sr. Barreiro Gómez o traballo que fixeron durante esta lexislatura polo ben da veciñanza de Vedra e o bo talante de todos os membros da corporación.

Tamén quere agradecer aos tres compañeiros de partido, o Sr. Lema Mougán, dona Margarita Devesa e dona María Jesús Piñeiro, o magnífico e excelente labor que dentro das súas responsabilidades de goberno fixeron pola veciñanza de Vedra.

8.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que dado que é o último pleno da lexislatura non van facer preguntas porque non sabe que as vai contestar.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que agarda que o próximo alcalde de Vedra sexa o Sr. Pose Rodríguez e agradécelles a todos os membros da corporación o respecto recibido.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA pregúntalle á Presidencia se escoitou que existe unha proposta que levan nos programas electorais nos concellos de Teo e Santiago de unificar ambos concellos. Pídelle que imaxine como será a planificación do transporte urbano que fixo co concello de Teo, cando eles tiñan planificado un sistema de xestión de transporte urbano cuxa finalidade é unha futura unión destes dous concellos. Di que a Presidencia pactou un sistema de transporte urbano con dous concellos que se van unificar, sen cambiar nada.

A Presidencia resposta que o Sr. Pose Rodríguez dunha historia interpreta outra totalmente diferente.

O Sr. Pose Rodríguez di que o tema das taxas é un recoñecemento de facto dun erro que se estivo cometendo durante oito anos e que existe unha diferenza de máis de douscentos euros.

Por outro lado quere darlles as grazas a todos os membros da corporación.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.